

DECIMOCUARTO CONCURSO DE FERRETES ENTROIDO 2018

A asociación “Pepe Barreiro” de Lugo, con motivo da celebración do próximo ENTERRO DA SARDIÑA o día 14 de Febreiro do 2018, mércores de cinza *convoca o 14º concurso de ferretes “Entroido 2018”* de acordo coas seguintes bases:

- 1º Poderá participar neste concurso calquera cidadán ou cidadá, sen límite de idade.
- 2º Os ferretes deberán estar escritos en lingua galega e o seu contido fará referencia a acontecementos de actualidade local, (preferentemente), provincial ou galega. Primarán a orixinalidade, o enxeño, a crítica e, mesmo, o escarnio, no tratamento das temáticas social, política, cultural, deportiva, etc.
- 3º O retrouso (estribillo), que se irá repetindo entre estrofa e estrofa, terá que ser unha estrofa de catro versos heptasílabos e os ferretes recitados, como mínimo de catro e máximo de seis.
- 4º Quedarán eliminados os textos e autores dos que teña coñecemento algún membro do xurado antes da reunión para o ditame do concurso.
- 5º Os traballos entregaranse na Delegación de Cultura do Concello de Lugo (edificio da Praza Maior) dende o día 20 de Xaneiro ata as 14 horas do día 6 de Febreiro de 2018 nun sobre dirixido á Asociación “Pepe Barreiro”, no que figurará como remitente un pseudónimo. Dentro do sobre grande, e acompañando o traballo, meterase outro sobre máis pequeno cos datos personais (nome, apelidos, enderezo, correo electrónico e teléfono de contacto). No sobre pequeno tamén se escribirá por fóra o mesmo pseudónimo ca figure no grande.
- 6º Reservarase a identidade do autor para protexer a súa liberdade de redacción.
- 7º O xurado estará formado por cinco membros da Asociación “Pepe Barreiro”: Olga Díaz, Nélica Ónega, X. Ignacio Rodríguez, Manuela Lamela, e Jesús Cao. O seu fallo será inapelable e, de consideralo oportuno, poderá deixar algún premio deserto.
- 8º Os pseudónimos dos premiados faranse públicos antes da lectura dos ferretes no palco montado para tal efecto.
- 9º A presentación aos premios desta convocatoria supón a aceptación plena das súas bases.
- 10º Os premios estarán dotados con:

RETROUSO	150 euros	
1º premio	100 euros	
2º premio	50 euros	
3º premio	30 euros	
17 premios, cada un de 10 euros		Total 500 €

Ademais destes premios o xurado poderá conceder, se o considera conveniente, accesits, dotados con 10 € cada un.

Lugo, Febreiro do 2018

INCLUIR ESTO EN LAS BASES

FERRETE :

É unha forma de chamarlles, ironicamente, ás coplas ou versos que se recitan diante do Concello ó rematar a procesión do Enterro da Sardiña.

O contido dos versos debe ter unha boa carga crítica, sobre todo da actividade municipal, pero sempre dentro do respecto, elegancia e corrección.